

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO****I. Composición histórica: A revolución rusa (6 puntos)**

A partir dos seguintes documentos explica brevemente o desenvolvemento da revolución rusa e as súas consecuencias inmediatas. Non se trata de que resumas os documentos, nin de que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario persoal téndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

**DOCUMENTO 1. Declaración do goberno provisional o 6 de marzo de 1917:**

“Cidadáns do Estado ruso:

Produciuse un gran acontecemento. O antigo réxime foi derrocado grazas ao poderoso impulso do pobo ruso. Naceu unha Rusia libre e nova (...).

A acta promulgada o 17 de outubro de 1905 pola presión das forzas populares sublevadas prometera a Rusia liberdades constitucionais. Estas promesas non foron cumpridas. A Duma -portavoz das esperanzas populares- foi disolta. A segunda Duma correu a mesma sorte. Incapaz de quebrantar a vontade popular, o goberno decidiu, mediante a acta do 3 de xuño de 1907, quitarlle ao pobo parte dos seus dereitos para participar na obra lexislativa, previamente concedidos. Durante nove longos anos foi privado progresivamente dos dereitos que conquistara. Unha vez máis o país afundiuse nun abismo de absolutismo e arbitrariedade. Todos os intentos de facer entrar en razón o goberno foron inútiles, e a gran conflagración mundial á que o inimigo arrastrou á nai patria sorprendeuna nun estado de degradación moral, de indiferenza polo futuro da patria, alleo ao pobo e afundido na corrupción.”

**DOCUMENTO 2. Proclama dirixida polo Comité Militar Revolucionario aos comités do Exército e aos Soviets de Deputados Soldados o 26 de outubro de 1917:**

“A gornición e o proletariado de Petrogrado derrubaron o Goberno de Kerenski, que se sublevou contra a revolución e o pobo...”

O Comité Militar Revolucionario pono en coñecemento do Exército na fronte e na retagarda e chama aos soldados revolucionarios a vixiar a conduta do persoal de mando. Os oficiais que non se adheriron franca e abertamente á revolución deben ser arrestados inmediatamente como inimigos.

O Soviet de Petrogrado ve o programa do novo poder na proposta inmediata dunha paz democrática, na entrega inmediata das terras dos latifundistas aos campesiños, na entrega de todo o poder aos Soviets e na honrada convocatoria da Asemblea Constituínte...”

**II. Preguntas (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)**

- 1) Os imperios coloniais de Francia e o Reino Unido: configuración e intereses estratéxicos
- 2) As orixes da I Guerra Mundial: causas e países enfrontados
- 3) O nazismo alemán
- 4) A situación do Terceiro Mundo: neocolonialismo e subdesenvolvemento

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO****I. Composición histórica: La revolución rusa (6 puntos)**

A partir de los siguientes documentos explica brevemente el desarrollo de la revolución rusa y sus consecuencias inmediatas. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

**DOCUMENTO 1. Declaración del gobierno provisional el 6 de marzo de 1917:**

“Ciudadanos del Estado ruso:

Un gran acontecimiento se ha producido. El antiguo régimen ha sido derrocado gracias al poderoso impulso del pueblo ruso. Ha nacido una Rusia libre y nueva (...).

El acta promulgada el 17 de octubre de 1905 por la presión de las fuerzas populares sublevadas había prometido a Rusia libertades constitucionales. Estas promesas no fueron cumplidas. La Duma -portavoz de las esperanzas populares- fue disuelta. La segunda Duma corrió la misma suerte. Incapaz de quebrantar la voluntad popular, el gobierno decidió, mediante el acta de 3 de junio de 1907, quitar al pueblo parte de sus derechos a participar en la obra legislativa, previamente concedidos. Durante nueve largos años fue privado progresivamente de los derechos que había conquistado. Una vez más el país se hundió en un abismo de absolutismo y arbitrariedad. Todos los intentos de hacer entrar en razón al gobierno fueron inútiles, y la gran conflagración mundial a la que el enemigo arrastró a la madre patria la sorprendió en un estado de degradación moral, de indiferencia por el futuro de la patria, ajeno al pueblo y hundido en la corrupción.”

**DOCUMENTO 2. Proclama dirigida por el Comité Militar Revolucionario a los comités del Ejército y a los Soviets de Diputados Soldados el 26 de octubre de 1917:**

“La guarnición y el proletariado de Petrogrado han derribado el Gobierno de Kerenski, que se ha sublevado contra la revolución y el pueblo...”

El Comité Militar Revolucionario lo pone en conocimiento del Ejército en el frente y en la retaguardia y llama a los soldados revolucionarios a vigilar la conducta del personal de mando. Los oficiales que no se hayan adherido franca y abiertamente a la revolución deben ser arrestados inmediatamente como enemigos.

El Soviet de Petrogrado ve el programa del nuevo poder en la propuesta inmediata de una paz democrática, en la entrega inmediata de las tierras de los latifundistas a los campesinos, en la entrega de todo el poder a los Soviets y en la honrada convocatoria de la Asamblea Constituyente...”

**II. Preguntas (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una)**

- 1) Los imperios coloniales de Francia y Reino Unido: configuración e intereses estratégicos
- 2) Los orígenes de la I Guerra Mundial: causas y países enfrentados
- 3) El nazismo alemán
- 4) La situación del Tercer Mundo: neocolonialismo y subdesarrollo

HISTORIA DEL MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE EVALUACIÓN - 2022

**Composición histórica (6 puntos)**

**La calificación tendrá en cuenta** la calidad de la redacción (texto argumentado y coherente, que utilice un vocabulario adecuado). También atenderá al buen uso de los documentos (contextualización y utilización de algunos datos que aparecen en ellos).

Dado que el objetivo de la composición consiste en explicar la revolución rusa, la respuesta **deberá hacer referencia de manera específica a las siguientes cuestiones:**

-el desarrollo de la revolución: insurrección de febrero de 1917, abdicación del zar y constitución de un gobierno provisional.

- Los antecedentes de la revolución de octubre: la revolución de 1905, las razones de su fracaso y los efectos de la entrada de Rusia en la I Guerra Mundial (cuestiones a las que se alude en el documento 1)

-la insurrección del 25 de octubre, sus protagonistas -soviets y soldados- y los objetivos de los sublevados (cuestiones a las que se alude en el documento 2)

**Se valorará especialmente la mención a cuestiones como:**

-Las causas de la revolución

- Los problemas del gobierno provisional y las divergencias existentes entre los partidos (en particular entre mencheviques y bolcheviques)

- Las consecuencias inmediatas de la Revolución: retirada de la gran Guerra, primeras medidas económicas (Decretos de octubre), aprobación de la primera constitución soviética en 1918.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)**

1. Los imperios coloniales de Francia y Reino Unido: configuración e intereses estratégicos

La respuesta debe señalar los principales dominios de ambos países en los distintos continentes y su evolución, indicando los cambios registrados en ellos a partir de la década de 1870. También debe referirse a los factores impulsores del imperialismo, fundamentalmente a los de carácter económico (creación de nuevos mercados,

necesidad de materias primas, proteccionismo...) y a los políticos, profundizando en los intereses particulares de Gran Bretaña y Francia.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a otros factores impulsores del imperialismo y a la situación de otros imperios coloniales o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 2. Los orígenes de la I Guerra Mundial: causas y países enfrentados

La respuesta debe explicar los factores que condujeron a la Gran Guerra (sistemas de alianzas, rivalidades nacionales) y el acontecimiento que sirvió como desencadenante del conflicto (el asesinato del archiduque Francisco Fernando en Sarajevo). En segundo término, la explicación debe identificar a los principales países participantes en la guerra y a sus aliados, así como los intereses que impulsaron su intervención.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a la cronología de los enfrentamientos, los problemas en los Balcanes, la carrera de armamentos o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 3. El nazismo alemán

La respuesta debe explicar las particularidades del sistema político implantado por los nazis en Alemania. Para ello ha de referirse en primer lugar a la figura de Hitler y a su ideología (teoría del espacio vital, racismo). En segundo término, debe describir el proceso que permitió el acceso al poder del partido nazi e indicar las principales características de su dictadura (control policíaco, persecuciones de minorías o disidentes, autarquía económica, belicismo).

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los orígenes de los sistemas fascistas y a sus elementos comunes. También se tomarán en consideración los datos sobre la trayectoria vital de Hitler, los apoyos que tuvo su régimen o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

## 4. La situación del Tercer Mundo: neocolonialismo y subdesarrollo

La respuesta debe explicar los efectos del neocolonialismo en el Tercer Mundo, incidiendo en sus rasgos definatorios (dominación económica, política y cultural de países teóricamente independientes por parte de las potencias industriales) y señalando algunos de los mecanismos que lo hacen posible. En segundo lugar, debe pasar revista a los principales indicadores del subdesarrollo: la pervivencia del hambre y las enfermedades epidémicas, la baja esperanza de vida, el analfabetismo, el trabajo infantil, las fuertes desigualdades sociales o la inestabilidad política.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a las diferencias registradas entre los países del Tercer Mundo, su progresiva toma de conciencia, las organizaciones creadas para fomentar la cooperación entre ellos y cualquier otra precisión relacionada con la materia.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 2022

**Composición histórica (6 puntos)**

**A cualificación terá en conta** a calidade da redacción (texto argumentado e coherente, que utilice un vocabulario axeitado). Tamén atenderá ao bo uso dos documentos (contextualización e utilización dalgún dos seus datos).

Dado que o obxectivo da composición consiste en explicar a revolución rusa, a resposta **debe facer referencia de maneira específica ás seguintes cuestións:**

-o desenvolvemento da revolución: insurrección de febreiro de 1917, abdicación do tsar e constitución dun goberno provisional.

-os antecedentes da revolución de outubro: a revolución de 1905, as razóns do seu fracaso e os efectos da entrada de Rusia na I Guerra Mundial (cuestións ás que se alude no documento 1)

-a insurrección do 25 de outubro, os seus protagonistas - soviets e soldados- e os obxectivos dos sublevados (cuestións ás que se alude no documento 2)

**Valorarase especialmente a mención a cuestións como:**

-As causas da revolución

-Os problemas do goberno provisional e as diverxencias existentes entre os partidos (en particular entre mencheviques e bolxeviques)

-As consecuencias inmediatas da Revolución: retirada da Gran Guerra, primeiras medidas económicas (Decretos de outubro), aprobación da primeira constitución soviética en 1918.

**Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)**

1. Os imperios coloniais de Francia e Reino Unido: configuración e intereses estratéxicos

A resposta debe sinalar os principais dominios de ambos os países nos distintos continentes e a súa evolución, indicando os cambios rexistrados neles a partir da década de 1870. Tamén debe referirse aos factores impulsores do imperialismo, fundamentalmente aos de carácter económico (creación de novos mercados, necesidade

de materias primas, proteccionismo...) e aos políticos, afondando nos intereses particulares de Gran Bretaña e Francia.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias a outros factores impulsores do imperialismo e á situación doutros imperios coloniais ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 2. As orixes da I Guerra Mundial: causas e países enfrontados

A resposta debe explicar os factores que conduciron á Gran Guerra (sistema de alianzas, rivalidades nacionais) e o acontecemento que serviu como desencadenamento do conflito (o asesinato do arquiduque Francisco Fernando en Saraxevo). En segundo termo, a explicación debe identificar aos principais países involucrados na guerra e aos seus aliados, así como os intereses que impulsaron a súa intervención.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias á cronoloxía dos enfrontamentos, os problemas nos Balcanes, a carreira de armamentos ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 3. O nazismo alemán

A resposta debe explicar as particularidades do sistema político implantado polos nazis en Alemaña. Para iso debe referirse en primeiro lugar á figura de Hitler e á súa ideoloxía (teoría do espazo vital, racismo). En segundo termo, debe describir o proceso que permitiu o acceso ao poder do partido nazi e indicar as principais características da súa ditadura (control policíaco, persecucións de minorías ou disidentes, autarquía económica, belicismo).

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ás orixes dos sistemas fascistas e aos seus elementos comúns. Tamén se tomarán en consideración os datos sobre a traxectoria vital de Hitler, os apoios que tivo o seu réxime ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

## 4. A situación do Terceiro Mundo: neocolonialismo e subdesenvolvemento

A resposta debe explicar os efectos do neocolonialismo no Terceiro Mundo, incidindo nos seus trazos definitorios (dominación económica, política e cultural de países teoricamente independentes por parte das potencias industriais) e sinalando algúns dos mecanismos que o fan posible. En segundo lugar, debe pasar revista aos principais indicadores do subdesenvolvemento: a pervivencia da fame e as enfermidades epidémicas, a baixa esperanza de vida, o analfabetismo, o traballo infantil, as fortes desigualdades sociais ou a inestabilidade política.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ás diferenzas rexistradas entre os países do Terceiro Mundo, a súa progresiva toma de conciencia, as organizacións creadas para fomentar a cooperación entre eles e calquera outra precisión relacionada coa materia.

